

# Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía

CURSO 2015/2016

**Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía**

# Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía

## CURSO 2015/2016

Validado pola Comisión de Calidade o día 28 de outubro de 2016. Aprobado pola Xunta de Facultade ese mesmo día. Aprobado pola Comisión Académica do Mestrado universitario en Avogacía o día 2 de novembro de 2016.

---

### Índice

1. Información xeral .....	2
2. Coordinación .....	2
3. Xustificación e descrición do informe.....	2
4. Accións de coordinación .....	3
4.1. Reunións e actuacións de coordinación.....	3
4.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas.....	8
4.3. Contido do informe: incidencias relevantes e accións de mellora.....	11
5. Conclusións .....	16

## Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía

### 1. Información xeral

Denominación do título	Mestrado universitario en Avogacía pola Universidade de Vigo
Centro(s) onde se imparte o título	Facultade de Dereito (Campus de Ourense) e Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo (campus de Vigo e Pontevedra)
Curso de implantación	2013/2014 (non implantado en 2012/2013 na Facultade de Dereito por decisión da CAM do 10 de outubro de 2012)

### 2. Coordinación

Equipo coordinador do Mestrado universitario en Avogacía	Coordinación académica e profesional e comisión académica do Mestrado universitario en Avogacía da Facultade de Dereito, complementados pola comisión de coordinación do Mestrado universitario en avogacía pola Universidade de Vigo
--	---

### 3. Xustificación e descrición do informe

O Convenio de colaboración académica entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio de Avogados de Ourense do 16 de maio de 2012 establece as funcións de:

- O coordinador/a académico
  - Aprobar un informe anual en que se detallen cantas incidencias tivesen lugar durante a impartición do programa formativo.
  - Supervisar a elaboración das guías docentes de cada un dos módulos formativos.
  - Elevarlle á comisión académica cantas propostas considere oportunas para o mellor funcionamento do plan formativo.
- O coordinador/a profesional
  - Elaborar a proposta do plan de prácticas e o seu cronograma.
  - Propoñer a designación dos titores/as de prácticas.
  - Aprobar un informe anual en que se detallen cantas incidencias tivesen lugar durante a impartición do programa de prácticas.
  - Desenvolver e coordinar os 30 créditos ECTS correspondentes ás prácticas externas, conforme o establecido na lei e no regulamento de acceso, así como na memoria para a verificación do título de Mestrado.
- A comisión académica do Mestrado
  - Aprobar os horarios de docencia e as probas de avaliación.
  - Vixiar o cumprimento da actividade docente e académica.
  - Velar pola dispoñibilidade dos espazos.
  - Seleccionar ao estudantado admitido no programa e para bolsas ou estadias de mobilidade.

**Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía**

- Emitir un informe para o recoñecemento de competencias.
- Formular as demandas de recursos humanos e materiais.
- Elaborar e aprobar anualmente as guías docentes da titulación, a planificación docente anual (PDA), o cadro de profesorado da titulación, o cadro de titores/as de prácticas, o orzamento anual e calquera outra función relacionada coa formación prevista neste convenio e que non estea asignada legalmente a órganos da universidade e do Colexio de Avogados.
- A comisión de dirección do Mestrado:
  - Exercer a representación institucional.
  - Informar os acordos e propostas formulados pola Comisión Académica.
  - Calquer proposta da Comisión Académica que non reciba o informe favorable da Comisión de Dirección, esixirá que a cuestión se decida tanto na Xunta de Centro da Facultade de Dereito, como na Xunta de Goberno do I.C.A. de Ourense.
  - Adoptar acordos nos supostos de empate nas votacións da CAM, conforme ao previsto no apartado seguinte.

Dada a peculiaridade do Mestrado universitario en Avogacía pola Universidade de Vigo, título único impartido nos tres campus e adscrito a dous centros –as facultades de Dereito e Ciencias Xurídicas e do Traballo– e a tres colexios profesionais –os de Ourense, Pontevedra e Vigo–, constituíuse unha comisión de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía pola Universidade de Vigo conformada polos decanos/as, os coordinadores/as académicos do Mestrado, un ou unha representante de cada colexio profesional e os secretarios/as das comisións académicas, co obxecto de avaliar e tomar decisións sobre as incidencias ou posibles discordancias que xurdan en todos os asuntos nos que sexa necesaria a coordinación entre centros aos efectos de implantación do sistema de garantía interna de calidade dos mesmos.

---

**4. Accións de coordinación**

Durante o curso académico 2015/2016 realizáronse diversas actuacións de coordinación docente coa finalidade de mellorar o funcionamento do Mestrado Universitario en Avogacía, analizándose as incidencias xurdidas no desenvolvemento da docencia, na avaliación das materias e na realización das prácticas externas.

**4.1. Reunións e actuacións de coordinación****1. Reunións e actuacións de coordinación de membros do equipo coordinador do Mestrado universitario en Avogacía cos/coas representantes do alumnado –delegadas/os e subdelegadas/os–**

Durante o curso académico 2015/2016 realizáronse actuacións e reunións deste tipo, nas datas indicadas a continuación:

**Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía**

- 7 de outubro de 2015: A coordinadora académica reuniuse co estudantado de primeiro e segundo curso do Mestrado Universitario en Avogacía coa finalidade de que procederan á selección das/os delegadas/os de curso. A finalidade desta reunión era que se procedese a nomear aos representantes dos estudantes o máis axiña posible a fin de que puidesen canalizar as suxestións e queixas dos seus compañeiros nas reunións da Comisión Académica do Mestrado, ás que son convidados con voz pero sen voto. Achégase copia do correo electrónico como anexo I<sup>1</sup>.
- 3 de decembro de 2015: A coordinadora académica reuniuse cos delegados do primeiro curso para poder intercambiar opinións sobre o desenvolvemento do período formativo do Mestrado durante o primeiro cuadrimestre. Achégase a acta desta reunión como anexo II.
- 27 de maio de 2016: A coordinadora académica reuniuse cos delegados do primeiro curso para poder intercambiar opinións sobre o desenvolvemento do período formativo do Mestrado durante o segundo cuadrimestre. Achégase a acta desta reunión como anexo III.
- Durante o curso académico 2015/2016, as/os delegadas/os de primeiro e segundo curso do Mestrado Universitario en Avogacía foron convidados ás reunións da Comisión, con voz e sen voto, de forma habitual, e sen prexuízo de poder puntualmente excluílos dalgún punto concreto cando se traten cuestións especialmente sensibles ou delicadas nas que non se considere adecuada a súa presenza na reunión.

**2. Reunións e actuacións de coordinación de membros do equipo coordinador do Mestrado universitario en Avogacía cos titores da materia de prácticas externas básicas (primeiro curso) e prácticas externas (segundo curso):**

- Durante o curso 2015/2016 celebráronse dúas reunións ás que foron convocados os titores externos da materia Prácticas externas (segundo curso) e Prácticas externas básicas (primeiro curso), por iniciativa do coordinador profesional do Mestrado Universitario en Avogacía e da coordinadora e titores académicos das materias, co obxecto de realizar un seguimento das prácticas desenvolvidas ata o momento e informar e aclarar dúbidas aos titores profesionais sobre o procedemento e os criterios de avaliación da materia Prácticas externas.

**3. Reunións e actuacións de coordinación de membros do equipo coordinador cos titores/as do Plan de Acción Titorial**

- A coordinadora da titulación enviou o día 16/11/2015 un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico, con copia á coordinadora do Mestrado, a unha primeira reunión inicial a celebrar antes do 30 de novembro de 2015. Achégase copia do correo electrónico como anexo IV.
- Os titores do PAT remitiron á coordinadora o Anexo III do PAT onde poñían de manifesto as suxestións e queixas transmitidas polos estudantes nas reunións que mantiveron con

---

<sup>1</sup> Todos os anexos deste informe poderanse consultar na Secretaría do Decanato.

**Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía**

eles. A través dos referidos anexos transmitiuse de información esencial para desenvolver o plan de acción tutorial (PAT). Achégase os Anexos III dos titores do PAT como anexo V.

- A coordinadora da titulación enviou o día 17/2/2016 un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a convocar ao estudiantado titorizado a través de correo electrónico, con copia á coordinadora do Mestrado, á reunión de seguimento a celebrar antes do 11 de marzo de 2016. Achégase copia do correo electrónico como anexo VI.
- A coordinadora da titulación enviou o día 2/6/2016 un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a solicitar aos estudantes que cumprimentaran as enquisas de avaliación do grao de satisfacción (anexos IV-A «Cuestionario final de satisfacción do alumnado») e a cumprimentar o anexo IV-B «Cuestionario final de satisfacción do titor/a». Achégase copia do correo electrónico como anexo VII.

**4. Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a profesional ou o coordinador/a das prácticas externas básicas e das prácticas externas e os titores/as académicos cos titores/as externos ou co alumnado implicado**

Durante o curso académico 2015-16 realizáronse, a iniciativa da coordinadora académica das materias Prácticas externas básicas e Prácticas externas e dos titores/as académicos, diversas actuacións conxuntas de coordinación cos titores/as externos e co alumnado implicado -algunhas no primeiro cuadrimestre respecto da materia Prácticas externas e outras no segundo cuadrimestre en relación coa materia Prácticas externas básicas-. As actuacións máis destacables desenvolvéronse nas seguintes datas:

Prácticas externas:

- 20/07/2015: aprobación e publicación na páxina web do Mestrado da asignación provisional de despachos para o curso 2015/2016 para a materia Prácticas externas.
- 27/07/2015: aprobación e publicación na páxina web do Mestrado da asignación definitiva de despachos.
- 16/09/2015: reunión á que foron convocados os titores externos da materia Prácticas externas, por iniciativa da coordinadora profesional do Mestrado universitario en Avogacía, da coordinadora e titoras académicas da materia Prácticas Externas, de 2º curso, e do coordinador de TFM. A reunión celebrouse ás 19:00 h. no Salón de Actos do Ilustre Colexio de Avogados de Ourense, co obxecto de realizar un seguimento das prácticas desenvolvidas ata o momento e informar e aclarar dúbidas aos titores profesionais sobre o procedemento e os criterios de avaliación da materia Prácticas externas. Achégase acta da reunión –anexo núm. VIII-.
- 03/10/2015: reunión á que foron convocados os alumnos matriculados na materia Prácticas externas por iniciativa da coordinadora e titoras académicas da materia Prácticas Externas, de 2º curso, celebrada ás 13:00 h. no Salón de Graos da Facultade de Dereito de Ourense, co obxecto de realizar un seguimento das prácticas desenvolvidas ata o momento

**Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía**

e correspondentes á materia Prácticas externas e informar ao estudantado sobre o procedemento e os criterios de avaliación das prácticas. Achégase acta da reunión –anexo núm. IX-.

- 18/12/2015: remisión polo coordinador académico da materia Prácticas externas dun correo electrónico dirixido aos titores externos co obxecto de agradecer a súa colaboración como titoras/es profesionais no Mestrado universitario en Avogacía e lembrarles a súa obriga de remitir ao titor/a académico do estudante o Anexo III do Regulamento de prácticas externas para proceder á avaliación do mesmo e os criterios de avaliación. A tales efectos achegáronse en arquivo adxunto ao correo o anexo a encher e un documento explicativo cos criterios a valorar, en cumprimento da guía docente da materia e da ficha da memoria do título e solicitouse unha valoración o máis obxectiva posible pola súa banda. Xúntase a copia do correo remitido –anexo núm. X-.
- 18/12/2015: remisión polo coordinador académico da materia Prácticas externas dun correo electrónico dirixido aos estudantes co obxecto de agradecer a súa boa disposición no desenvolvemento das prácticas e lembrarles a súa obriga de remitir ao titor/a académico o Anexo IV do Regulamento de prácticas externas e a Memoria das mesmas para proceder á avaliación do mesmo e recordándolles os criterios de avaliación. A tales efectos achegouse en arquivo adxunto ao correo o anexo a encher. Xúntase a copia do correo remitido –anexo núm. XI-.
- 11/02/2016: elaboración polos titores académicos da materia Prácticas externas e remisión aos coordinadores académico e profesional do Mestrado dun informe de incidencias co fin de dar cumprimento ao compromiso asumido polos titores, de acordo co art.º 13 do Regulamento, de velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, facer un seguimento efectivo das prácticas, levar a cabo o proceso avaliador de acordo co propio regulamento e informar ao órgano responsable das prácticas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas. O informe ten como obxectivo servir de complemento aos informes que aos coordinadores do Mestrado lles corresponde elaborar, e recoller as incidencias que se formularon no desenvolvemento da materia Prácticas externas básicas e que foron postas de manifesto polos alumnos nas memorias presentadas para a súa avaliación aos titores académicos, co fin de que se prevexan dende a coordinación e a Comisión académica do Mestrado, se é o caso, as accións de mellora que se consideren oportunas. Tamén incorpora algunhas propostas de mellora suxeridas polos propios titores. Achégase copia do informe remitido á coordinación –anexo núm. XII-.

**Prácticas externas básicas**

- 18/03/2016: remisión dun correo electrónico aos estudantes a través da plataforma de teledocencia FaiTIC lembrándolles que, de acordo co Regulamento, para que a práctica quedase axeitadamente formalizada, o titor profesional, o titor académico e o estudante, debían subscribir a formalización da práctica (anexo II do regulamento) e que o documento debía estar depositado a disposición do coordinador de prácticas antes do comezo das prácticas. Xúntanse copias dos correos remitidos por FaiTIC.

**Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía**

- 02/05/2016: primeira reunión de seguimento conxunto das prácticas á que foron convocados os alumnos matriculados na materia Prácticas externas básicas por iniciativa dos coordinadores académico e profesional da materia e dos titores académicas da materia de 1º curso, celebrada ás 16:00 h. na Sala de Videoconferencias da Facultade de Dereito de Ourense, co obxecto de realizar o dito seguimento das prácticas desenvolvidas ata ese momento e informar ao estudiantado sobre o procedemento e os criterios de avaliación das prácticas. Achégase acta da reunión –anexo núm. XIII-. A convocatoria remitiuse por FaiTIC o 2 de maio.
- 18/05/2016: reunión á que foron convocados os titores externos da materia Prácticas externas básicas, por iniciativa do coordinador profesional do Mestrado universitario en Avogacía e da coordinadora e titoras académicas da materia Prácticas externas básicas, de 1º curso. A reunión celebrouse ás 19:00 h. no Salón de Actos do Ilustre Colexio de Avogados de Ourense, co obxecto de realizar un seguimento das prácticas desenvolvidas ata o momento e informar e aclarar dúbidas aos titores profesionais sobre o procedemento e os criterios de avaliación da materia Prácticas externas. Achégase acta da reunión –anexo núm. XIV-.
- 23/05/2016: remisión polo coordinador académico da materia Prácticas externas dun correo electrónico dirixido aos estudantes co obxecto de agradecer a súa boa disposición no desenvolvemento das prácticas e lembrarles a súa obriga de remitir ao titor/a académico o Anexo IV do Regulamento de prácticas externas e a Memoria das mesmas para proceder á avaliación do mesmo e recordándolles os criterios de avaliación. O correo remitiuse a través da plataforma virtual FaiTIC. Xúntanse copias dos correos remitidos por FaiTIC –anexo núm. XVI-.
- 25/05/2016: remisión polo coordinador académico da materia Prácticas externas básicas dun correo electrónico dirixido aos titores externos co obxecto de agradecer a súa colaboración como titoras/es profesionais no Mestrado universitario en Avogacía e lembrarles a súa obriga de remitir ao titor/a académico do estudante o Anexo III do Regulamento de prácticas externas para proceder á avaliación do mesmo e os criterios de avaliación. A tales efectos achegáronse en arquivo adxunto ao correo o anexo a encher e un documento explicativo cos criterios a valorar, en cumprimento da guía docente da materia e da ficha da memoria do título e solicitouse unha valoración o máis obxectiva posible pola súa banda. Xúntase a copia do correo remitido –anexo núm. XVII- .
- 27/06/2016: elaboración polos titores académicos da materia Prácticas externas básica e remisión aos coordinadores académico e profesional do Mestrado dun informe de incidencias co fin de dar cumprimento ao compromiso asumido polos titores, de acordo co art.º 13 do Regulamento, de velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, facer un seguimento efectivo das prácticas, levar a cabo o proceso avaliador de acordo co propio regulamento e informar ao órgano responsable das prácticas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas. O informe ten como obxectivo servir de complemento aos informes que aos coordinadores do Mestrado lles corresponde elaborar, e recoller as incidencias que se formularon no desenvolvemento da materia Prácticas externas básicas e que foron postas de manifesto polos alumnos nas Memorias presentadas



**Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía**

para a súa avaliación aos titores académicos, co fin de que se prevexan dende a coordinación e a Comisión académica do Mestrado, se é o caso, as accións de mellora que se consideren oportunas. Tamén incorpora algunhas propostas de mellora suxeridas polos propios titores. Achégase copia do informe remitido á coordinación –anexo núm. XVIII-

**5. Reunións e actuacións de coordinación do coordinador/a do Traballo de Fin de Mestrado co alumnado ou cos titores/as implicados**

Durante o curso académico 2015/2016 realizáronse un total de catro reunións deste tipo, nas datas indicadas a continuación:

- 14 de Setembro 2015: reunión do coordinador do Traballo Fin de Mestrado e a coordinadora académica do Mestrado cos estudantes ao fin de explicarlles o contido e estrutura do mesmo. Achégase copia do correo electrónico como anexo XIX.
- 23/9/2015: reunión do coordinador do Traballo Fin de Mestrado e a coordinadora académica do Mestrado co estudantado ao fin de explicarlle a nota informativa publicada polo Ministerio de Xustiza en relación coa convocatoria do exame para o ano 2016, na que se fixaba que o exame tería lugar o día 27 de febreiro, e adoptar as medidas necesarias para facilitar que o estudantado puidera presentarse a dito exame. Achégase copia do correo electrónico como anexo XX.
- 20/1/2016: reunión do Tribunal avaliador dos TFM, coa finalidade de establecer o horario, estrutura e distribución das sesións nas que tería lugar a defensa dos TFM na convocatoria ordinaria. Achégase como anexo XXI a Acta de constitución do tribunal avaliador do TFM e os acordos.
- 5/3/2016: reunión do Tribunal avaliador dos TFM, coa finalidade de establecer o horario, estrutura e distribución das sesións nas que tería lugar a defensa dos TFM na convocatoria adiantada de xullo. Achégase como Anexo XXII.

**6. Reunións e actuacións de coordinación da Comisión académica do Mestrado universitario en Avogacía nas que se traten incidencias acontecidas durante a impartición do programa formativo ou durante a impartición do programa de prácticas**

Durante o curso académico 2015/2016 analizáronse incidencias deste tipo, nas reunións da Comisión Académica do Mestrado nas datas sinaladas a continuación:

- 9/9/2015: análise e aprobación do informe anual da Sra. Coordinadora no que se detalle cantas incidencias tivesen lugar durante a impartición do programa formativo e do informe do Sr. Coordinador profesional no que se detalle cantas incidencias tivesen lugar durante a impartición do programa de prácticas. Achégase como anexo XXIII a Acta da reunión da Comisión Académica do Mestrado.
- 12/1/2016: análise e aprobación provisional das enquisas internas de valoración polo alumnado da calidade docente, sen prexuízo do resultado da pregunta á asesoría xurídica

**Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía**

da Universidade sobre se existe algún problema ou requisito adicional que cumprir en relación coa normativa protectora dos datos de carácter persoal, e sen prexuízo dalgún posible cambio concreto nalgún dos seus contidos. Achégase como anexo XXIV a Acta da reunión da Comisión Académica do Mestrado.

**7. Reunións de coordinación da Comisión de Coordinación do Mestrado en Avogacía da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo e da Facultade de Dereito**

A normativa sobre a composición e funcionamento da Comisión de Coordinación do Mestrado en Avogacía da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo de Vigo e da Facultade de Dereito establece no seu artigo 3 que “A Comisión de coordinación poderá avaliar e adoptar decisións sobre as incidencias ou posibles discordancias que xurdan en todos os asuntos nos que sexa necesaria a coordinación entre Centros aos efectos do SGIC”.

Durante o curso académico 2015/2016 realizáronse dúas reunións:

- A primeira reunión, do 18 de novembro de 2015, para analizar e aprobar o informe de seguimento e o informe de autoavaliación para a renovación da acreditación e o plan de melloras.
- A segunda reunión, do 11 de xullo de 2016, para analizar, debater e adoptar acordos en relación ao informe provisional de avaliación para a renovación da acreditación do Mestrado universitario en Avogacía.

**8. Reunións e actuacións de coordinación dos/as responsables de coordinación das materias co profesorado que as imparte**

- Ao longo de todo o curso académico as/os responsables de coordinación das materias mantiveron unha comunicación permanente co profesorado que as impartiu para trasladar a información, os resultados, as queixas e as suxestións achegadas tanto polo propio alumnado como polo equipo de coordinación do Mestrado, algún profesorado ou mesmo o coordinador/a do título. O obxectivo principal foi consensuar as distintas decisións para garantir unha axeitada planificación da materia e asegurar un desenvolvemento equilibrado e coordinado desta.
- 9/9/2015: a coordinadora da titulación solicita as/os coordinadoras/es de materia a elaboración do cronograma da materia, con distribución dos docentes e contidos. Para isto, os coordinadores de materia levan a cabo actuacións e reunións de coordinacións cos docentes da materia, tanto profesores da universidade como letrados. Xúntase a copia do correo remitido como anexo XXV.
- Despois de finalizar o período de docencia da materia, a/o responsable de coordinación da materia reuniuse con todo o profesorado para realizar as cualificacións do estudantado e coordinar a elaboración das actas correspondentes.
- 11/12/2015: a secretaria da titulación solicita as/os coordinadoras/es de materia a elaboración do cronograma da materia, con distribución dos docentes e contidos. Para isto,

### **Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía**

os coordinadores de materia levan a cabo actuacións e reunións de coordinacións cos docentes da materia, tanto profesores da universidade como letrados. Xúntase a copia do correo remitido como anexo XXVI.

- Despois de finalizar o período de docencia da materia, a/o responsable de coordinación da materia reuniuse con todo o profesorado para realizar as cualificacións do estudantado e coordinar a elaboración das actas correspondentes.

#### **4.2. Outras accións de coordinación desenvolvidas**

Descríbanse outras accións que o centro realizará para mellorar a coordinación das ensinanzas de mestrado impartidas neste centro.

##### **1. Actuacións de coordinación desenvolvidas pola Comisión de Garantía da Calidade da Facultade de Dereito**

A Comisión de Garantía da Calidade da Facultade de Dereito desenvolveu, entre outras, as seguintes accións en relación coa coordinación do Mestrado universitario en Avogacía:

08/07/2015: Revisión previa á aprobación pola Xunta de Facultade das guías docentes do Mestrado universitario en Avogacía para o curso académico 2015-2016.

19/10/2015:

- Revisión e validación do Informe Final do Plan de Acción Titorial do Mestrado para curso 2014-15.
- Revisión e validación do Informe de accións de Coordinación do Mestrado para o curso 2014-15.
- Aprobación do cronograma das accións de calidade que se desenvolverán na Facultade de Dereito e/ou nas súas titulacións durante o curso 2015-2016.
- Actualización dos criterios de selección e captación do persoal docente e investigador na titulación de Mestrado universitario en Avogacía.
- Suxestións en relación coas necesidades de formación do persoal docente e investigador para o seu traslado á Área de Formación e Innovación Educativa.
- Suxestións á proposta de contratación de persoal de administración e servizos e ao Plan de formación do persoal de administración e servizos promovido pola Universidade de Vigo.
- Aprobación, se procede, da proposta de elaboración pola Comisión Académica do Mestrado universitario en Avogacía da relación de funcións que podería realizar o persoal de administración e servizos adscrito ao Mestrado.

23/11/2015:

**Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía**

- Renovación da Comisión de Calidade para adaptar a súa composición ao Regulamento de Réxime Interno da Facultade de Dereito.
- Validación, se procede, dos seguintes informes e plans de mellora provisionais:
  - (i) Informes provisionais de seguimento do Mestrado universitario en Avogacía do curso 2014-2015.
  - (ii) Plan de mellora do centro e do Mestrado universitario en Avogacía do curso 2015-2016 e seguimento do Plan de mellora do curso 2014-2015.
  - (iii) Informe provisional de autoavaliación de acreditación do Mestrado universitario en Avogacía.
  - (iv) Informe provisional de Revisión do sistema pola Dirección do curso 2014-2015.

14/12/2015:

- Validación do Informe definitivo de Seguimento do Mestrado universitario en Avogacía, correspondente ao curso 2014-2015.
- Validación do Informe definitivo de Seguimento do Plan de Mellora correspondente ao Curso 2014-15.
- Validación dos Plans definitivos de mellora do centro e do Mestrado universitario en Avogacía para o curso 2015-2016.
- Validación do Informe definitivo de autoavaliación para a acreditación do Mestrado universitario en Avogacía.
- Validación do Informe definitivo de Revisión do sistema pola Dirección correspondente ao curso 2014-2015.
- Validación do Informe de Resultados de Avaliación correspondente ao curso 2014-15.
- Validación do Informe de Resultados do PDI correspondente ao curso 2014-15.
- Revisión do Plan operativo de información pública e rendimento de contas, e validación das propostas de mellora.
- Aprobación do Cronograma para o desenvolvemento das accións de calidade da Facultade de Dereito e das súas titulacións para o segundo cuadrimestre do Curso 2015-16.

01/04/2016:

- Aprobación do envío de escritos do Vicedecano de Planificación e Calidade:
  - ✓ a) Escrito ao profesorado para incentivar a súa asistencia ás reunións e o cumprimento das peticións realizadas pola comisión de calidade.
  - ✓ b) Escrito destinado a incentivar a participación do alumnado no Plan de acción tutorial (PAT).
- Análise e revisión das accións propostas nos plans de mellora.

## **Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía**

- Análise da necesidade de establecer un formulario para facer constar evidencias da titorización do TFM e do TFG.
- Análise do grao de consecución dos obxectivos de calidade no curso 2014/15 e revisión das metas previstas para o curso 2015/16.
- Aprobación do texto das enquisas sobre o uso da páxina web da Facultade.
- Aprobación do texto das enquisas destinadas aos empregadores.
- Aprobación do texto das enquisas destinadas a egresadas/os do Mestrado Universitario da Avogacía.
- Validación dos novos procedementos aprobados pola Área de Calidade.
- Actualización do Plan operativo de información pública.
- Validación dos textos sobre información relativa a saídas profesionais e razóns para estudar Dereito en Ourense.
- Validación das solicitudes de recursos materiais.

31/05/2016:

- Validación do calendario de elaboración das guías docentes do Mestrado universitario en Avogacía para o curso académico 2016-2017.
- Validación do modelo de formulario para evidenciar a titorización do TFG/TFM.

06/07/2016: Revisión e validación das guías docentes do Mestrado universitario en Avogacía para o curso académico 2016-17.

14/07/2016:

- Aprobación do cronograma das actividades de calidade correspondente ao primeiro cuadrimestre do curso 2016-17.
- Validación das alegacións ao informe provisional da ACSUG relativo ao procedemento de acreditación do Mestrado universitario en Avogacía.
- Validación do anteproxecto do PAESU para o curso 2016-17.
- Validación das actividades organizadas polo centro en relación co alumnado de novo ingreso para o curso 2016/17: xornada de acollida (Mestrado universitario en Avogacía).
- Validación das modificacións correspondentes ao procedemento para o seguimento e control da docencia.
- Revisión e aprobación dos criterios de selección e admisión de estudantes no Mestrado universitario en Avogacía.
- Revisión da vixencia da comisión académica responsable da selección de estudantes no Mestrado universitario en Avogacía.

**Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía**

Actuacións de formación desenvolvidas na Facultade no curso 2015/2016.

No curso 2015/2016 desenvolvéronse na Facultade de Dereito as seguintes accións formativas:

“LIGA DE DEBATE”

DATA: 2 E 9 DE DECEMBRO DE 2015

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

“PENSAR EL CINE VII. EL LADO OSCURO DE LA AUTORIDAD. “

DATA: 3, 4, 17, 18 E 24 DE NOVIEMBRE DE 2015

LUGAR: AULA MAGNA DA FACULTADE DE DEREITO

“CONFERENCIA SOBRE LA REFORMA PENAL DE LOS DELITOS PATRIMONIALES Y ECONÓMICOS”

DATA: 30 DE OUTUBRO DE 2015, 17:00 H.

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE DEREITO

“CONGRESO SOBRE PROTECCIÓN DEL CONSUMIDOR Y USUARIO ANTE LAS CLÁUSULAS ABUSIVAS”

DATA: 18, 19 E 20 DE NOVIEMBRE DE 2015

HORARIO: 16 A 20:30

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE DEREITO

“CURSO 3.5: CURSO DE ORIENTACIÓN ACADÉMICA PARA ESTUDANTES DO TERCEIRO CURSO DO GRADO EN DEREITO”

DATA: 25 DE XANEIRO DE 2016, DE 13:00 H A 14:15 H.

LUGAR: AULA MAGNA DA FACULTADE DE DEREITO

“CURSO ACTIVA A TÚA BUSCA DE EMPREGO”

DATA: 4 E 11 DE FEBREIRO DE 2016

LUGAR: AULA INFORMÁTICA 1.3 DA FACULTADE DE DEREITO

“CURSO CERO INTRODUCCIÓN AOS ESTUDIOS EN DEREITO”

DATA: 4 DE SETEMBRO DE 2015

LUGAR: AULA CONCEPCIÓN ARENAL DA FACULTADE DE DEREITO

MÓDULO JEAN MONNET 2016. “LIBRE CIRCULACIÓN DE TRABALLADORES E MERCADO DE EMPREGO EUROPEO”

DATA: TODOS OS VENRES DO 5 DE FEBREIRO AO 7 DE ARIIL DE 2016

LUGAR: SALA DE VIDEOCONFERENCIAS DA FACULTADE DE DEREITO

MÓDULO JEAN MONNET: “SEMINARIO-OBRAOIRO: BUSCANDO EMPREGO NA UNIÓN EUROPEA”

DATA: 21 DE XUÑO DE 2016

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE DEREITO

**Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía**

“JORNADAS SOBRE MEDIACIÓN EN ASUNTOS CIVILES Y ADMINISTRATIVOS”

DATA: 25 E 26 DE NOVEMBRO DE 2015

LUGAR: FACULTADE DE DEREITO

“I XORNADAS CAMIÑANDO CARA Á IGUALDADE: PROBLEMAS E SOLUCIÓNS NA ESFERA XURÍDICA E PSICOSOCIAL”

DATA: 20 E 21 DE OUTUBRO DE 2015

LUGAR: AULA MAGNA DA FACULTADE DE DEREITO

“II SEMINARIO INTERNACIONAL HISPANO-BRASILEÑO SOBRE SOCIEDAD, DERECHOS HUMANOS Y MEDIO AMBIENTE”

DATA: 26 E 27 DE NOVEMBRO DE 2015

LUGAR: SALÓN DE GRADOS DA FACULTADE DE DEREITO

“CURSO LEXNET”

DATA: 14 DE OUTUBRO DE 2015

LUGAR: AULA MAGNA DA FACULTADE DE DEREITO

“CURSO CONFIDENCIALIDAD Y SECRETO PROFESIONAL EN LA ASISTENCIA SANITARIA”

DATA: 21 DE OUTUBRO DE 2015

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE DEREITO

“TALLER DE COMUNICACIÓN ORAL Y ESCRITA”

DATA: 13 E 20 DE NOVEMBRO E 4, 8 E 18 DE DECEMBRO DE 2015

LUGAR: SALA DE VIDEOCONFERENCIA DA FACULTADE DE DEREITO

“I TALLER DE SIMULACIÓN DE JUICIOS”

DATA: 27 E 28 DE XANEIRO; 3, 4, 11, 18 E 24 DE FEBREIRO E 2, 3 E 10 DE MARZO DE 2016.

“I JORNADAS SOBRE DERECHO DEPORTIVO”

DATA: 11, 21 E 22 DE ABRIL DE 2016.

LUGAR: AULA MAGNA DA FACULTADE DE DEREITO

“II JORNADAS DE SALIDAS PROFESIONALES”

DATA: 28 DE ABRIL E 4, 5 E 6 DE MAIO DE 2016

LUGAR: SALÓN DE GRAOS DA FACULTADE DE DEREITO

“JORNADA EDUARDO GARCÍA DE ENTERRÍA: LA UNIVERSIDAD, EL DERECHO Y LA LENGUA ESPAÑOLA”

DATA: 6 DE XUÑO DE 2016

LUGAR: AULA CONCEPCIÓN ARENAL DA FACULTADE DE DEREITO

Actuacións desenvolvidas para a promoción do centro e das súas titulacións.

**Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía**

Na Reunión ordinaria da Comisión de Garantía Interna da Calidade do día 1 de abril de 2016 validáronse as seguintes actuacións realizadas ou previstas para a promoción do centro e das súas titulacións:

As actuacións realizadas para a promoción do centro e das súas titulacións foron as seguintes:

- Xornada de portas abertas celebrada o 29 de marzo de 2015 na Vicerreitoría do Campus.
- Promoción do Mestrado universitario en avogacía a través do curso 3.5, celebrado o 25 de xaneiro de 2016.
- Organización de conferencias, seminarios, congresos, xornadas sobre temas xurídicos, comunicados de prensa sobre os principais eventos e novidades, folletos e carteis informativos: a) o obradoiro de simulación de xuízos organizado pola Delegación de alumnos durante os meses de febreiro e marzo e que foi recollido na web do Consello Xeral da Avogacía Española; b) a entrevista á Dr.<sup>a</sup> Laura Movilla Pateiro no xornal “La Voz de Galicia” con motivo da celebración do Día Internacional da auga; c) os actos conmemorativos do Día internacional da muller (8 de marzo) con intervención do alumnado desta Facultade.
- Promoción internacional do centro: a través da páxina web e polo profesorado que realiza actividades en Universidades estranxeiras: a Dr.<sup>a</sup> Mónica Siota Álvarez e a Dr.<sup>a</sup> Inés Iglesias Canle, en Italia; a Dr.<sup>a</sup> Laura Movilla Pateiro e a Dr.<sup>a</sup> Marta Fernández Prieto, en Inglaterra.

En relación coas actuacións previstas figuran as seguintes:

- Promoción do Mestrado universitario en avogacía entre o alumnado do centro, a través do curso 3.5, con data previsible de realización o 20 de xaneiro de 2017.
- Solicítase a incorporación do selo de calidade na cartelería do centro e facer algún banner ou cartel.

**4.3. Contido do informe: incidencias relevantes e accións de mellora****4.3.1. Actuacións e incidencias mais relevantes**

A continuación relataranse, por orden cronolóxico, as incidencias que se plantexaron durante o curso 2015/2016 no Mestrado en Avogacía, así como as accións de mellora que se levaron a cabo dende a Coordinación e a Comisión Académica do Mestrado.

1. O día 22 de maio de 2015, seguindo o calendario aprobado pola Xunta de Facultade o día 21 de maio de 2015, a coordinadora do Mestrado envioulle un correo electrónico a todo o profesorado responsable das materias no Mestrado. Nel comunicábaselle o calendario de elaboración das guías docentes, así como algunhas orientacións para ter en conta. Neste proceso de elaboración, os coordinadores/as de materia/módulo, unha vez editadas as guías docentes, remitíronllas á coordinadora do Mestrado para revisalas. Achégase copia do correo electrónico como anexo XXVII.



**Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía**

O día 10 de xuño de 2015 a coordinadora do Mestrado envioulle un correo electrónico a todo o profesorado responsable das materias no Mestrado. Nel comunicábaselle que na reunión de coordinación do Mestrado en Avogacía, das Facultades de Ciencias Xurídicas e do Traballo e de Dereito, acordouse remitir aos coordinadores a convocatoria do exame nacional deste ano, aos efectos de que o tiveran en conta ao elaborar as guías docentes. Achégase copia do correo electrónico como anexo XXVIII.

O día 18 de xuño de 2015 a coordinadora do Mestrado envioulle un correo electrónico a todo o profesorado responsable das materias no Mestrado. Nel comunicábaselle que na reunión da Comisión Académica do Mestrado do día 17 de xuño aprobouse o sistema de avaliación das materias que se imparten no Mestrado, aos efectos de que o tiveran en conta ao elaborar as guías docentes. Achégase copia do correo electrónico como anexo XXIX.

A coordinadora, tras proceder a revisión das Guías Docentes das materias do Mestrado, o día 26 de xuño de 2016, envioulles unha folla coas incidencias detectadas aos coordinadores/as de materia/módulo. Abriuse outra vez un período de edición. Achégase copia do correo electrónico e as correccións propostas pola coordinadora como anexos XXX e XXXI.

Unha vez rematado o período de edición das guías docentes, a coordinadora revisou as guías docentes por segunda vez para resolver algunhas incidencias, ben directamente, ben solicitando a colaboración dos/as responsables das materias. Concluído o proceso de elaboración, a coordinadora remitiulle as guías docentes a Comisión de Garantía Interna de Calidade, para a súa revisión. Achégase copia do correo electrónico e as correccións propostas pola coordinadora como anexos XXXII e XXXIII.

O día 30 de xuño de 2015 foron aprobadas pola Comisión Académica do Mestrado Universitario en Avogacía. Unha vez finalizado o proceso de revisión, a coordinadora remitiulle as guías docentes ao decanato para aprobalas. Cómpre destacar a participación e o traballo do profesorado no proceso de realización das guías.

2. Novembro de 2015 – elaboración e finalización do informe de autoavaliación para a renovación da acreditación do Mestrado Universitario en Avogacía. Este informe realizouse de forma consensuada polas coordinadoras académicas do Mestrado da Facultade de Dereito e da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo.
3. O día 9 de setembro de 2015, a coordinadora da titulación solicita as/os coordinadoras/es de materia a elaboración do cronograma da materia, con distribución dos docentes e contidos. Para isto, os coordinadores de materia levan a cabo actuacións e reunións de coordinacións cos docentes da materia, tanto profesores da universidade como letrados.
4. O día 24 de setembro de 2015 celebrouse a Xornada de Acolida dos estudantes de primeiro curso do Mestrado Universitario en Avogacía cos obxectivos de:
  - a. Facilitar ao estudante o tránsito dende o grao ao posgrao.
  - b. Presentar ao estudante o Máster en Avogacía da Facultade de Dereito.

**Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía**

- c. Dar a coñecer ao estudante os recursos e ferramentas ao seu dispor na Universidade de Vigo e, en concreto, na Facultade de Dereito.
5. O día 16 de setembro de 2015, a coordinadora profesional do Mestrado Universitario en Avogacía e a coordinadora e titoras académicas da materia Prácticas Externas, de 2º curso, convocan nunha reunión aos titores externos da materia Prácticas externas. Esta reunión celebrouse ás 19:00 h. no Salón de Actos do Ilustre Colexio de Avogados de Ourense, co obxecto de realizar un seguimento das prácticas desenvolvidas ata o momento e informar e aclarar dúbidas aos titores profesionais sobre o procedemento e os criterios de avaliación da materia Prácticas externas.
6. O día 7 de outubro de 2015, a coordinadora académica reuniuse co estudantado de primeiro e segundo curso do Mestrado Universitario en Avogacía coa finalidade de que procederan á selección das/os delegadas/os de curso. A finalidade desta reunión era que se procedese a nomear aos representantes do estudantado o máis axiña posible a fin de que puidesen canalizar as suxestións e queixas dos seus compañeiros nas reunións da Comisión Académica do Mestrado, ás que son convidados con voz pero sen voto.
7. O Plan de Acción Titorial (PAT) do Mestrado está integrado PAT da Facultade de Dereito. Entre as actuacións de apoio e seguimento que se prevé que realice o titor, establécese a obriga de programar, polo menos, dúas reunións anuais co seu grupo de estudantes a iniciativa do propio titor:
  - unha inicial para toma de contacto e detección de necesidades especiais.
  - outra de seguimento, cando o curso estea máis avanzado, para o seguimento dos estudantes titorizados.
  - Prevese tamén a posibilidade doutras reunións, a petición do alumnado.
8. O día 16 de novembro de 2015, a coordinadora da titulación enviou un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico, con copia á coordinadora do Mestrado, a unha primeira reunión inicial a celebrar antes do 30 de novembro de 2015.
9. O día 11 de decembro de 2015, a secretaria da titulación solicita as/os coordinadoras/es de materia a elaboración do cronograma da materia, con distribución dos docentes e contidos. Para isto, os coordinadores de materia levan a cabo actuacións e reunións de coordinacións cos docentes da materia, tanto profesores da universidade como letrados.
10. O día 17 de febreiro de 2016, a coordinadora académico enviou un correo electrónico ao profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico, para unha reunión de seguimento. Todos os titores enviaron á Coordinadora a copia do correo electrónico no que convocaban aos estudantes titorizados.

**Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía**

11. O día 2 de xuño de 2016, a coordinadora da titulación enviou un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a solicitar aos estudantes que cumprimentaran as enquisas de avaliación do grao de satisfacción (anexos IV-A «Cuestionario final de satisfacción do alumnado») e a cumprimentar o anexo IV-B «Cuestionario final de satisfacción do titor/a»

**4.3.2. Informe anual da Coordinadora académica do Mestrado.**

Na súa reunión de 22 de setembro de 2016, a Comisión Académica do Mestrado aprobou o informe anual da Coordinadora no que se detallan cantas incidencias haxan ter lugar durante a impartición do programa formativo.

Achégase o informe como anexo XXXIV.

**4.3.3. Informe anual do Coordinador Profesional do Mestrado.**

Na súa reunión do día 2 de novembro de 2016, a Comisión Académica do Mestrado aprobou o informe anual do Coordinador Profesional do Mestrado.

Achégase o informe como anexo XXXVIII.

**4.3.4. Informe anual da Coordinadora académicas e os titores académicos das materias de Prácticas externas básicas (primeiro curso) e prácticas externas (segundo curso).**

A Coordinadora académica e os titores académicos da materia de Prácticas externas básicas (primeiro curso) e Prácticas externas (segundo curso) elaboraron dous informes co fin de dar cumprimento ao compromiso asumido, de acordo co art. 13 do Regulamento de Prácticas externas, de velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, facer un seguimento efectivo das prácticas, levar a cabo o proceso avaliador de acordo co propio regulamento e informar ao órgano responsable das prácticas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas.

Tal e como se sinalan expresamente nos informes, estes teñen como obxectivo servir de complemento aos informes que os coordinadores do Mestrado elaboran e recoller as incidencias que se suscitaron no desenvolvemento das materias Prácticas externas básicas e Prácticas externas e que foron postas de manifesto polos alumnos nas memorias presentadas para a súa avaliación aos titores académicos, a fin de que se prevexan desde a Coordinación e a Comisión académica do Mestrado, no seu caso, as accións de mellora que se consideren oportunas, aínda que tamén se deixa constancia de que a maioría dos alumnos non manifestaron incidencia algunha.

Ase mesmo, se incorporan algunhas propostas de mellora suxeridas polos propios titores para evitar os problemas que tiveron durante os cuatrimestres nos que se desenvolveron as prácticas, relativas á designación de titores académicos, data de finalización do prazo de entrega de actas e avaliación dos titores profesionais. Achéganse os informes como anexo XXXV e XXXVI.

## Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía

### 4.3.5. Informe do coordinador do Traballo Fin de Mestrado

O Coordinador do Traballo Fin de Mestrado (TFM) elaborou un informe sobre o desenvolvemento da materia e as propostas de mellora. Achégase o informe como anexo XXXVII.

### 4.3.6. Informe da coordinadora sobre o plan de acción titorial (PAT).

CONCEPTO: o Plan de acción titorial (PAT) da Facultade de Dereito configúrase como o instrumento a través do cal se diseña o contido e a execución das distintas accións relativas á titoría universitaria para as titulacións do centro. Responde á implantación do «DO-0203 P1: procedemento: orientación ao estudantado», que constitúe en si mesmo o rexistro R1-DO0203 P1 deste. Préstaselle unha especial atención ao estudantado de novo ingreso, de cara a favorecer a súa integración na vida universitaria, a mellorar o seu rendemento académico e a atender as súas necesidades formativas e informativas, e ao que está rematando os seus estudos, para facilitarlle a preparación para a actividade profesional ou o inicio á investigación. O PAT supón apostar por un modelo educativo no que conflúen xunto coa vertente académica, orientada á transmisión de coñecementos, funcións socioeducativas, máis centradas no desenvolvemento persoal do estudantado e baseadas en relacións recíprocas e interaccións titor/a-alumno/a, alumno/a-alumno/a etc. Preténdese, así, ir consolidando unha liña de acción titorial coherente coas necesidades do estudantado, que normalice as distintas accións e acade un axeitado equilibrio entre as expectativas do alumnado e os obxectivos que se expoñen no marco do espazo europeo de educación superior. Trata de garantir a adecuación dos métodos de ensinanza, aprendizaxe e avaliación, a adquisición de competencias do alumnado, a atención á diversidade, a orientación á aprendizaxe, a procura dunha igualdade de xénero...

O PAT aprobado pola Xunta de Facultade o 17 de outubro de 2014 prevé que o profesorado titor asesorará ao seu alumnado de primeiro e segundo curso ao longo de todo o curso académico mediante a programación de, polo menos, dúas reunións anuais por iniciativa do propio titor/a co seu grupo de estudantes, unha inicial para a detección de necesidades especiais e outra de seguimento ao longo do curso. Ambas as dúas reunións entre titor/a-alumno/a teñen carácter preceptivo para o titor/a, que debe convocar aos titorizados/as, pero son de carácter voluntario para o alumnado, que pode asistir ou non. Así mesmo, a titora ou titor poderá reunirse co alumnado, a iniciativa do titor ou do propio alumnado, en calquera momento do curso. O estudantado deberá solicitar unha reunión para concretar a data e a hora. O seguimento realizarase principalmente a través de pequenos grupos, e nos casos que sexa necesario de forma individual. Para facilitar o seguimento establecerase un rexistro a través dunhas fichas de seguimento das reunións do grupo de estudantes tutelado.

O alumnado e o profesorado implicado no PAT cumprirán as enquisas de avaliación do grao de satisfacción. Así mesmo, as titoras e titores informarán o coordinador/a da titulación das

### Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía

dificultades, incidencias, queixas, suxestións ou problemas detectados nas reunións mantidas co estudantado.

1. O día 16/11/2015 enviouse un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT, onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico, con copia á coordinadora do Mestrado, a unha primeira reunión inicial a celebrar antes do 30 de novembro de 2015, para a presentación do titor e do PAT, a detección de necesidades especiais e interesarse polo desenvolvemento do curso, co fin de recadar información que permita a mellora da titulación.

Cabe destacar o bo acollemento do PAT por parte do alumnado xa que a maioría dos estudantes asistiron ás reunións iniciais convocadas polos titores; asistiu todo o alumnado convocado. Nesta primeira reunión os estudantes, na maioría dos casos, manifestaron que non había incidencias relevantes, aínda que puxeron de manifesto algunha queixa en relación coa ponderación da cualificación correspondente a asistencia.

2. O día 17/2/2016 remitiuse un novo correo electrónico ao profesorado titor, onde se lle instaba a convocar ao estudantado titorizado a través de correo electrónico, con copia á coordinadora do Mestrado, a unha reunión de seguimento.

Debe salientarse a boa participación dos estudantes nas reunións de seguimento do PAT. En termos xerais manifestan a súa satisfacción co desenvolvemento do Mestrado.

3. Segundo se recolle no punto 6.2.4. "Actuacións de avaliación do grao de satisfacción" do Plan de Acción Titorial, o alumnado e o profesorado implicado no PAT deben cubrir as enquisas de avaliación do grao de satisfacción (anexos IV-A «Cuestionario final de satisfacción do alumnado» e IV-B «Cuestionario final de satisfacción do titor/a»). Esta actuación non se levou a cabo.

O 2 de xuño de 2016, dende a coordinación do Mestrado, enviouse un correo electrónico a todo o profesorado titor do PAT indicándolles que, segundo se recolle no punto 6.2.4. "Actuacións de avaliación do grao de satisfacción" do Plan de Acción Titorial, o alumnado e o profesorado implicado no PAT deben cubrir as enquisas de avaliación do grao de satisfacción (anexos IV-A «Cuestionario final de satisfacción do alumnado» e IV-B «Cuestionario final de satisfacción do titor/a»). No correo electrónico solicitábase que remitiran á coordinadora do Mestrado o anexo IV-B cumprimentado. Asemade, solicitábase que remitiran ao estudantes que titorizaban o anexo IV-A e que unha vez que o recibiran cumprimentado polos estudantes o reenviaran a coordinación do Mestrado.

A pesar de que poucos estudantes cumprimentaron o anexo IV-A, os que o cumprimentaron amosaron a súa satisfacción có desenvolvemento e utilidade do PAT. Neste mesmo sentido manifestáronse os profesores titores do PAT.

#### 4.3.7. Accións de mellora

**Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía**

- O Mestrado en Avogacía aposta por unha docencia de calidade baseada na especialización do profesorado. A coordinación inter e intra materias levase a cabo a través do cronograma que é elaborado polos coordinadores das materias. Non obstante, non se xeraron evidencias desas reunións. Así, propónse como acción de mellora a conveniencia de que o coordinador de cada materia se reúna, a lo menos unha vez ao cuadrimestre, cos demais profesores que imparten docencia na materia xerando a correspondente evidencia documental.
- Unha vez comprobado que o bo funcionamento da Comisión de Coordinación, entre as Facultades de Ciencias Xurídicas e do Traballo e a Facultade de Dereito, redundará na mellora do título, potenciarase o papel da mesma establecendo mecanismos de aprendizaxe e intercambio de experiencias entre as distintas sedes.
- Dada a boa acollida polos estudantes do cronograma de Prácticas Externas e TFM institucionalizárase, dende agora, o seu emprego e adecuación anual, para facilitar que os estudantes poidan organizar adecuadamente o seu tempo durante o primeiro cuadrimestre do segundo ano.
- Dende a coordinación profesional, trabállase na celebración de convenios de colaboración con distintas institucións públicas e privadas para diversificar máis a oferta de prácticas.
- Insistir na esixencia dunha valoración máis equitativa por parte dos titores profesionais, pois aínda que é certo que as cualificacións en moitos casos resultan coherentes coas memorias, nalgúns supostos a cualificación do titor en todos os ítems segue sendo de 10 ou próxima ao 10, o cal contrasta en ocasións co menor interese que o estudante amosa na elaboración da memoria de prácticas.
- Previsión do período de prácticas no calendario académico unha vez finalice o período formativo. O período de prácticas coincide durante as primeiras semanas con clases do programa formativo (en concreto, con clases da materia Práctica Laboral) e con exames de varias materias.
- Analizar a posibilidade de permitir o cambio do titor profesional no período de realización de prácticas e modificar, se procede, o regulamento de prácticas externas.
- Modificar a Normativa para elaborar o Traballo de Fin de Mestrado do Mestrado universitario en Avogacía da Universidade de Vigo – Facultade de Dereito e instar a modificación do artigo 3.6 do Regulamento para a realización do Traballo Fin de Mestrado da Universidade de Vigo.
- Organizar un Foro de Emprego Xurídico “Define o teu perfil e as estratexias para a procura activa de emprego” que ofrezca ao alumnado orientación sobre saídas profesionais e estratexias de procura de emprego e sobre as claves para enfocar a súa carreira profesional coas maiores garantías de éxito e información sobre temas de actualidade e de mellora da calidade do emprego.
- Facilitar a través dunha Feira de Emprego Xurídico (a Primeira Feira de Emprego Xurídico de Galicia-Norte de Portugal) o encontro entre alumnado e egresados de titulacións do ámbito xurídico e empresas, despachos de avogados e outras institucións, co obxectivo prioritario de fomentar a realización de prácticas e a incorporación dos nosos estudantes e

---

**Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía**

titulados ao mercado laboral. As entidades colaboradoras poderán presentar os seus programas de formación e carreira –programas de prácticas e perfís júnior, profesionais e executivos– e iniciar os seus procesos de selección. A Feira “Orienta *iuris*” incluírá debates, mesas redondas e talleres que facilitarán a interacción entre estudantes, profesionais e empresas.

---

**5. Conclusións**

A través das actas das reunións da comisión académica do Mestrado, das reunións mantidas co alumnado, profesorado, titores/as das prácticas externas e titores/as dos Traballos de Fin de Mestrado, o equipo de coordinación vén cumprir co establecido no Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo e o Ilustre Colexio de Avogados de Ourense. Ademais, proporciónaselles á Comisión de Garantía de Calidade e ao decanato da Facultade de Dereito información relevante para implantar o sistema de garantía interno da calidade do centro no Mestrado universitario en Avogacía, tanto en relación coas incidencias que teñen xurdido como cos plans de mellora que se levan a cabo.

Da análise das accións realizadas para garantir a coordinación (tanto horizontal como vertical) no Mestrado universitario en Avogacía extráense as seguintes conclusións en relación cos principais problemas detectados polo equipo coordinador do Mestrado:


- Importancia do PAT como medio para coñecer de primeira man as suxerencias, queixas e felicitacións do estudantado.
- Conveniencia de que o coordinador de cada materia se reúna, a lo menos unha vez ao cuadrimestre, cos demais profesores que imparten docencia na materia xerando a correspondente evidencia documental.
- Necesidade de potenciar o papel da Comisión de Coordinación, entre as Facultades de Ciencias Xurídicas e do Traballo e a Facultade de Dereito, establecendo mecanismos de aprendizaxe e intercambio de experiencias entre as distintas sedes.
- Conveniencia de institucionalizar o emprego e adecuación anual do cronograma de Prácticas Externas e TFM, para facilitar que os estudantes poidan organizar adecuadamente o seu tempo durante o primeiro cuadrimestre do segundo ano.
- Conveniencia de celebrar convenios de colaboración con distintas institucións públicas e privadas para diversificar máis a oferta de prácticas.
- Necesidade de insistir na esixencia dunha valoración máis equitativa por parte dos titores profesionais.

## Informe de accións de coordinación do Mestrado universitario en Avogacía

- Previsión do período de prácticas no calendario académico unha vez finalice o período formativo.
- Analizar a posibilidade de permitir o cambio do titor profesional no período de realización de prácticas e modificar, se procede, o regulamento de prácticas externas.
- Modificar a Normativa para elaborar o Traballo de Fin de Mestrado do Mestrado universitario en Avogacía da Universidade de Vigo – Facultade de Dereito e instar a modificación do artigo 3.6 do Regulamento para a realización do Traballo Fin de Mestrado da Universidade de Vigo.
- Organizar un Foro de Emprego Xurídico “Define o teu perfil e as estratexias para a procura activa de emprego” que ofrezca ao alumnado orientación sobre saídas profesionais e estratexias de procura de emprego e sobre as claves para enfocar a súa carreira profesional coas maiores garantías de éxito e información sobre temas de actualidade e de mellora da calidade do emprego.
- Facilitar a través dunha Feira de Emprego Xurídico (a Primeira Feira de Emprego Xurídico de Galicia-Norte de Portugal) o encontro entre alumnado e egresados de titulacións do ámbito xurídico e empresas, despachos de avogados e outras institucións.

Data: 25/10/2016

Sinaturas:



M.ª Dolores Fernández Fustes  
Coordinadora do Mestrado



Marta Fernández Prieto  
Coordinadora de Prácticas externas



Roberto O. Bustillo Bolado  
Coordinador do Traballo Fin de Mestrado